

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO. (EXPTE REF. 2-2016).**

Sendo as 13:40 horas do día 15 de xullo de 2016, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo adxunto da sección de patrimonio e contratación don Jesús Gandoy Cerceda, e actuando como vocais don Manuel Regueiro Sánchez, xefe do servizo de parques e xardíns, dona Elva Anido Anido, xefa do servizo de intervención, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, letrada asesora do Concello e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, técnico de administración xeral do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión o sr. Presidente e procédese a dar conta aos membros da mesa de que a empresa OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L non presentou ningunha documentación durante o prazo de tres días hábiles concedido para a subsanación de erros. A empresa OHL SERVICIOS INGESAN S.A presenta certificación do Rexistro Xedral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde se reflicte a información a que se refiren os apartados 1 a 4 da cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares. Os membros da mesa acordan en consecuencia e por unanimidade a exclusión do procedemento da empresa OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L ao non acreditar correctamente a súa solvencia técnica e admitir á licitación ao resto de empresas participantes.

A continuación procédese á apertura dos sobres B (Criterios non avaliábles automaticamente) das empresas admitidas:

- CALFENSA PROYECTOS S.L
- FERROVIAL SERVICIOS S.A
- LAPPSETT ESPAÑA VR S.L
- OHL SERVICIOS INGESAN S.A
- EULEN S.A

Todas elas aportan a documentación relativa aos criterios anteditos: plan de inspección e mantemento e melloras anuais propostas nas áreas de xogos incluídas no contrato.

Os integrantes da mesa acordan por unanimidade solicitar un informe técnico do xefe de parques e xardíns no que se proceda á valoración das proposicións en relación con estes criterios non avaliábles automaticamente. Con

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/mla


Refª: Acta sobros B mantemento xogos infantís

Asunto:

posterioridade procederáse á lectura do informe que se emita e procederáse á apertura dos sobros C (criterios avaliábles automaticamente).

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas, no lugar enriba sinalado.


O PRESIDENTE



Asdo: Jesús Gadoy Cerceda



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz